



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ACCESIBILIDADE NA FUNDACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa Fundación Eduardo Pondal o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación para a realización de actuacións de mantemento e conservación para preservar a esencia do edificio da Fundación e mellorar a experiencia dos seus usuarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece coa Fundación Eduardo Pondal, única con estas características que necesita do acondicionamento necesario para mellorar e facilitar o confort dos usuarios que acoden á Fundación. A Fundación supón un foco de atracción importante na zoa de Ponteceso, debido ás





súas actividades de exaltación da figura do poeta rexionalista autor do Himno Galego, así como da lingua e cultura galegas.

Por todo o anterior é a Fundación Eduardo Pondal a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

